



RESERVA DE PRAZA PARA O IES ROSAIS 2

O alumnado de 6º de primaria que desexe matricularse no I.E.S. ROSAIS 2 deberá facer unha reserva de praza seguindo un dos seguintes procedementos:

- Recollendo na secretaría do noso centro o ANEXO I e entregándoo debidamente cuberto de novo no noso centro ou
- Cumprimentando a solicitude de reserva a través da aplicación ADMISIÓNALUMNADO, no menú: **Solicitudes – Reserva – Crear** **IMPORTANTE:** Esta solicitude deberase presentar no centro educativo de orixe ou en calquera dos lugares que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, incluída a SEDE ELECTRÓNICA, para o que se precisará de Chave365 ou certificado dixital.

O Prazo de solicitudes vai do 1 ao 17 de febreiro. O alumnado que non faga a reserva de praza no período establecido perderá o dereito de preferencia e terá que cubrir unha solicitude de admisión no período ordinario.

A reserva de praza é vinculante. Si se fixo reserva para o Rosais 2 e finalmente desexa solicitar outro centro, terá que formalizar unha renuncia a dita reserva, antes do 1 de marzo, e presentar copia desta renuncia no centro no que se presente a solicitude de admisión.

Vigo, 28 de xaneiro de 2020

A dirección